

Sumario

. 1. Normas xerais.....	3
. 1.1 Obxecto.....	3
. 1.2 Requisitos das persoas aspirantes.....	4
. 1.3 Solicitudes.....	5
. 1.4. Admisión de aspirantes.....	8
. 1.5. Información e seguimento do proceso.....	8
. 3. Proceso selectivo.....	8
. 3.1. Fase de oposición.....	8
. 3.2. Fase de concurso.....	11
. 3.3. Normas comúns para as probas.....	14
. 4. Tribunal.....	15
. 5. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal laboral fixo.....	16
. 6. Disposición derradeira.....	17
. ANEXO 1. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.....	18
. ANEXO 2. PRAZAS E REQUISITOS DE ACCESO POR CATEGORÍA.....	19
. ANEXO 3. ACREDITACIÓN DE MÉRITOS.....	20
. ANEXO 4. MODELO DE AUTOAVALIACIÓN DE MÉRITOS. Adxunto/a de Laboratorio.....	24
. ANEXO 5. MODELO DE AUTOAVALIACIÓN DE MÉRITOS. Técnico/a Especialista de Investigación.....	25
. ANEXO 6. TEMARIO. Adxunto/a de Laboratorio.....	26
. ANEXO 7. TEMARIO. Técnico/a Especialista de Investigación.....	28

SUMARIO:

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2022 da Dirección Executiva da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso nas categorías de Adxunto/a de Laboratorio e Técnico/a Especialista de Investigación.

TEXTO:

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das administracións públicas españolas. A reforma actuará en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, prevé que teña lugar un novo proceso de estabilización do emprego temporal nas administracións públicas, mediante a convocatoria extraordinaria de prazas que non consumen taxa de reposición.

En virtude do Decreto 79/2022, do 25 de maio, aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

A dita lei recolle que, con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establécese a convocatoria, polo sistema de concurso, daquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade o 1 de xaneiro de 2016.

Así mesmo cómpre sinalar que en desenvolvemento do disposto nos artigos 12 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese a obrigatoriedade do uso de medios electrónicos na inscrición das solicitudes de participación neste proceso selectivo.

Nesta convocatoria non se contempla a promoción interna, dado que se trata dun proceso único e excepcional habilitado polo disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Por conseguinte, de conformidade co establecido no Decreto 79/2022, do 25 de maio (DOG núm. 102, do 30 de maio), polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso

de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Dirección da Fundación, no uso das súas competencias,

DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o **sistema de concurso-oposición**, para o ingreso nas seguintes categorías:

CATEGORÍA	Nº PRAZAS
ADXUNTO/A DE LABORATORIO	1
TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE INVESTIGACIÓN	1
Total	2

No modelo de solicitude, cada aspirante deberá indicar a categoría á cal se presenta.

.1. Normas xerais.

.1.1 Obxecto.

O obxecto do proceso selectivo será cubrir as prazas das distintas categorías que se especifican nos anexos desta convocatoria correspondentes á oferta de emprego público derivada do Decreto 79/2022, do 25 de maio.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

1.1.1. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria e a normativa laboral establecida no estatuto dos traballadores, a Lei 20/2021 do 28 de decembro de 2021, a Lei galega de medidas urxentes de redución da temporalidade, a Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o Convenio colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas.

.1.2 Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír o día da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral fixo os seguintes requisitos, excepto para os requisitos de titulación que se estará ao disposto na base 1.2.3.

1.2.1. Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

1.2.2. Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
- c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
- d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

1.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter antes da publicación do anuncio da resolución das persoas aspirantes que superan o proceso selectivo, o título esixido como requisito ou súa equivalencia: A tal efecto, e para o suposto que non se teña acreditado xunto coa solicitude de inscrición, deberá acreditarse antes da finalización do prazo de inscricións. As titulacións obtidas despois dese prazo non se terán en conta para a confección da dita proposta de persoas aprobadas.

Para os efectos desta convocatoria o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

O Anexo 2 establece a titulación esixida para cada categoría.

Para acreditar a titulación académico, o/a aspirante deberá presentar copia compulsada do título.

No caso de titulación universitarias, o/a aspirante poderá aportar o PDF de autorización que conteña a clave para a verificación da inscrición do título universitario na RNTUO:

A verificación de títulos universitarios oficiais inscritos no RNTUO realízase accedendo á sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional a través da seguinte dirección:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/99/997950/ficha.html>

A continuación, pulsarase o ligazón "Acceso ao servizo en liña" e seguiranse as indicacións que o sistema vai ofrecendo.

Para que o/a interesado/a permita que outra persoa obteña a verificación da súa inscrición no RNTUO, deberase proceder da seguinte maneira:

En primeiro lugar, o/a propio/a titulado/a debe xerar unha clave a través do mesma ligazón recolleita no punto anterior. Unha vez obtida, poderá ceder a clave subministrada polo sistema, a un terceiro, o que permitirá que este realice a consulta no rexistro.



A clave, que se pode xerar en calquera momento, ten unha data de caducidade que o interesado decide no momento de xerala.

***Cando se realice a consulta, conforme ás indicacións referidas nos apartados anteriores, e non se localice un título universitario oficial e/ou credencial de homologación ou certificado de equivalencia obtido polo interesado, este deberá rexistrar unha incidencia, no apartado que o sistema destina á mesma, achegando toda a información posible relativa ás súas titulacións, así como o seu número de NIF ou NIE e data de nacemento.*

Acceso a link instrucións actualizadas: <https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:cbd08fd5-12c2-4b8e-a8e6-2753ec61a510/verificaciones.pdf>

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

1.2.4. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

1.2.5. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

1.2.6. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal laboral fixo que xa pertence a mesma categoría obxecto desta convocatoria.

.1.3 Solicitudes.

1.3.1. As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que figura no Anexo 1 da presente convocatoria e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que esixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

1.3.2. O prazo para presentar as solicitudes será de **vinte (20) días hábiles**, que se contarán a partir do 16 de xaneiro de 2023.

Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude preferentemente nas dependencias da entidade, debidamente cumprimentada e asinada polo interesado/a, xunto coa copia do DNI e da documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos nas bases.

Ditas instancias deberán ir dirixidas ao Director Executivo da FPGMX sita no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, Edificio Consultas, planta menos 2, 15706 c/Choupana sn - Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:30 horas (de luns a venres).

Tamén poderán presentarse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativa común das administracións públicas; neste caso,

o/a aspirante deberá notificar o envío da documentación mediante correo electrónico (rrhh.fpgmx.santiago@sergas.es) no mesmo día da presentación. O enderezo que figure nas instancias considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio

O modelo de solicitude estará á disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web www.sergas.es, no enlace: <https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/FP-Galega-de-Medicina-Xen%C3%B3mica>

1.3.3. As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditarlo mediante copia compulsado ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, segundo se trate.

1.3.4. Os aspirantes deberán indicar na modelo de solicitude si figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditarlo da seguinte forma:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

1.3.5. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditarlo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade.

1.3.6. As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ó pago de taxas.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

1.3.7. Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:

Pagamento presencial: deberá imprimir o documento de pagamento (modelo 739), cubri-lo, asinalo e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

A Entidade devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Non procederá a devolución do importe aboadado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico coa Fundación no número 981 951 490, das 8.30 ás 14.30 horas, de luns a venres.

1.3.8. As persoas interesadas deberán incorporar xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:

- a) No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.
- b) Xustificante da condición de familia numerosa no caso de estar expedida por outra Comunidade Autónoma.
- c) Xustificante da condición de persoa con discapacidade no caso de estar expedido por outra Comunidade Autónoma.
- d) Acreditación da titulación académica esixida.
- e) Xustificante bancario de ter aboadado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma.

Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.

Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

f) Documentación xustificativa dos méritos alegados. Deberá incluírse no impreso da instancia unha relación nominal dos méritos achegados.

g) Modelo autoavaliación méritos (Anexo 4).

1.3.9. Os méritos alegados deberán referirse á data de publicación do anuncio no DOG da resolución da convocatoria.

O procedemento de acreditación de méritos figura no Anexo 3 da presente convocatoria

1.3.10. Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para unha mesma categoría; no caso de presentar varias solicitudes para unha mesma categoría, soamente se terá en conta a última presentada.

.1.4. Admisión de aspirantes.

1.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, aprobaranse as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución que será publicada nos termos establecidos na base 1.5., con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, das causas das exclusións que procedan.

Xunto coa resolución anterior, publicarase a listaxe de persoas aspirantes que teñen pendentes de acreditar estar en posesión do Celga establecido.

1.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de **dez (10) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da dita publicación, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou no seu caso para presentar a xustificación de estar en posesión do Celga establecido.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo nos termos establecidos na base 1.5.

Xunto coa resolución anterior, publicarase a convocatoria da primeira proba da fase de oposición, con indicación do lugar, data e condicións da mesma.

1.4.3. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

.1.5. Información e seguimento do proceso.

Toda a información relativa ao proceso selectivo, bases, modelos de solicitude, autoavaliación, resolucións, listaxes e convocatorias, serán publicadas no portal web www.sergas.es, no apartado de Recursos Humanos/Outros procesos selectivos/FP Galega de Medicina Xenómica (enlace: <https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/FP-Galega-de-Medicina-Xen%C3%B3mica>).

.3. Proceso selectivo.

.3.1. Fase de oposición.

A fase de oposición terá unha puntuación máxima de **60 puntos**, repartida do seguinte xeito:

- a) Proba temario específico (obligatoria e eliminatoria), ata un máximo de 55 puntos.
- b) Proba coñecemento da lingua galega (obligatoria e non eliminatoria), ata un máximo de 5 puntos.

3.1.1. Proba temario específico.

3.1.1.1. Nesta fase realizarase unha proba obligatoria e eliminatoria que consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 55 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis 10 preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre o contido do temario (Anexo 6 ou Anexo 7, segundo corresponda), nun prazo máximo de 150 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 55 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas co cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación igual ou superior aos 30 puntos.

No prazo das **vinte e catro (24) horas** seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web www.sergas.es.

3.1.1.2. Este exercicio non se realizará antes dun mes dende o remate do prazo de presentación de candidaturas.

3.1.1.3. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos **tres (3) días hábiles** seguintes á realización da proba, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao na páxina web (segundo se indica na base 1.5).

3.1.1.4. O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes publicaranse na web www.sergas.es con indicación da puntuación con ata dous decimais e incluíndo puntuacións negativas, se fose o caso.

Concederase un prazo de **dez (10) días hábiles** para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

3.1.1.5. Resoltas as alegacións, publicarase a Listaxe definitiva dos resultados da proba.

Nesta publicación realizarase a convocatoria da proba de coñecemento da lingua galega, con indicación do lugar, data e condicións da mesma, así como a relación definitiva de persoas aprobadas convocadas á mesma.

3.1.2. Proba coñecemento da lingua galega.

3.1.2.1. Para a valoración do coñecemento da lingua galega realizarase un exercicio que terá carácter obrigatorio non eliminatorio para todos/as os/as aspirantes que tivesen superado a proba eliminatoria da fase de oposición, coa excepción dos/das que acreditasen posuír o nivel de Celga establecido na base 3.1.2.2. para a categoría ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG

núm. 34, do 19 de febreiro).

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase de acordo ao nivel do Celga establecido para a categoría.

Realizarase unha única proba que será común e coincidente para todas as categorías.

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega.

O exercicio terá unha duración de noventa (90) minutos.

O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga establecido no proceso selectivo.

Esta proba será valorada de 0 a 5 puntos.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web nos termos establecidos na base 1.5.

3.1.2.2. Este exercicio valorarase en función do nivel de Celga ou equivalente, debidamente homologado, establecido por categoría:

CATEGORÍA	NIVEL ESTABLECIDO
ADXUNTO/A DE LABORATORIO	Título do Celga 4 ou equivalente.
TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE INVESTIGACIÓN	Título do Celga 3 ou equivalente.

A puntuación resultante do exercicio será calculada ata catro decimais. De resultaren puntuacións negativas estas non serán tidas en conta, valorándose neses casos como cero (0) puntos o coñecemento da lingua galega.

As persoas exentas da realización da proba por ter acreditado o nivel Celga ou equivalente establecido, serán valoradas con 5 puntos.

3.1.2.3. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos **tres (3) días hábiles** seguintes á realización da proba de coñecemento da lingua galega, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao no portal web nos termos establecidos na base 1.5.

3.1.2.4. O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes publicaranse no portal web.

Concederase un prazo de **dez (10) días hábiles** para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación ds puntuacións da proba de coñecemento da lingua galega.

3.1.2.5. Resoltas as alegacións, publicarase a Listaxe definitiva dos resultados da proba.

.3.2. Fase de concurso.

3.2.1. A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 40 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase da oposición.

3.2.2. Méritos a valorar:

A) Experiencia profesional, un máximo de trinta (30) puntos.

a.1) Experiencia profesional acreditada na entidade convocante, na categoría profesional da convocatoria ou en categoría profesional equivalente, 0,25 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.

Os servizos prestados en categorías profesionais extinguidas consideraranse prestados nas categorías profesionais nas que se integraron ou refundiron cada unha delas.

a.2) Experiencia profesional acreditada en calquera outra administración pública diferente da convocante na categoría profesional ou en categoría profesional equivalente nos termos establecidos na convocatoria, 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.

Para estes efectos e nos supostos a.1) e a.2), consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

Nos casos de redución de xornada por conciliación familiar serán valoradas a tempo completo.

A experiencia profesional no ente convocante apreciarase de oficio.

B) Outros méritos, ata un máximo de 10 puntos.

b.1) **Formación:** valoraranse os cursos de formación RELACIONADOS COAS FUNCÍONS DO POSTO: Valoraranse os cursos de formación convocados, organizados ou impartidos por: Escola Galega de Administración Pública (EGAP); a Academia Galega de Seguridade Pública; a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos no marco dos Acordos de formación para o emprego das administracións públicas incluíndo a Comisión de formación continuada do sistema nacional de saúde; cursos impartidos polo INEM, cursos impartidos polas organizacións sindicais sempre que estiveran homologados pola EGAP cursos dunha Consellería da Xunta de Galicia; cursos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou outros entes instrumentais convocantes do proceso selectivo, e cursos impartidos por Universidades.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares, as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes

integrantes dun curso ou os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

Os cursos de prevención de riscos, igualdade e prevención de violencia de xénero valoraranse en todas as categorías e con independencia da data de obtención do título exixido para o acceso á categoría.

Valorarase con 0,012 puntos cada hora de formación.

Para o caso de que o certificado indique os créditos, ou créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polas horas que figuren neste, establecendo unha equivalencia de 1 crédito = 10 horas de formación.

A puntuación máxima deste apartado será a seguinte:

CATEGORÍA	PUNTUACIÓN MÁXIMA FORMACIÓN
ADXUNTO/A DE LABORATORIO	Máximo 5 puntos (416,6 horas de formación).
TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE INVESTIGACIÓN	Máximo 10 puntos (833,3 horas de formación).

b.2) **Outros méritos.** Exclusivamente para a categoría de ADXUNTO/A DE LABORATORIO, serán valorados outros méritos, ata un máximo de 5 puntos.

b.2.1) Pola realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou pola realización do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA): 0,5 puntos.

b.2.2) Título de doutor/a: 1 punto.

b.2.3) Premio extraordinario de doutoramento: 0,2 puntos.

b.2.4) Por cada máster universitario oficial (Espazo Europeo de Educación Superior, EEES) que se encontre debidamente acreditado e inscrito no RUCT: 0,4 puntos (ata un máximo de 0,8 puntos).

b.2.5) Outros graos/carreira: 0,5 puntos/cada.

b.2.6) Pola acreditación de AEGH ou especialidade obtiva vía FIR, BIR, MIR ou EIR: 1 punto.

b.2.7) Pola docencia en cursos relacionados co posto ao que opta:

N.º TFG/TFM dirixidos: 0,03 punto/cada.

Nº tesis dirixidas: 0,12 puntos/cada.

Nº de horas de docencia universitaria (certificado no Plan de organización docente (POD)): 0,006 puntos/hora.

Nº cursos formación continuada impartidos: 0,03 puntos/hora

b.2.8) Pola autoría de traballos científicos e de investigación relacionados co posto:

Artigos científicos (indexadas no Journal Citation Report):



Nº Artigos científicos (Cuartil Q1-Q2): 0,06 puntos/cada.

Nº Artigos científicos (Cuartil Q3-Q4): 0,03 puntos/cada.

Publicacións orixinais de libros ou capítulos de libros con código ISBN ou ISSN (Excluídas Tesis Doctorais):

Nº capítulos de libro: 0,016 puntos/cada.

Nº libros completos: 0,05 puntos/cada.

b.2.9) Pola concesión de premios de investigación relacionada co posto:

Nº premios de ámbito internacional: 0,03 puntos/cada.

Nº premios de ámbito nacional: 0,016 puntos/cada.

b.2.10) Por proxectos de investigación relacionada co posto:

Con financiación competitiva mediante convocatoria pública das Administracións Públicas, CCAA, Nacionais e da UE:

a) Como investigador principal:

Nº proxectos internacionais: 0,3 puntos/cada.

Nº proxectos nacionais: 0,16 puntos/cada.

Nº proxectos autonómicos: 0,05 puntos/cada.

b) Como investigador colaborador:

Nº proxectos internacionais: 0,16 puntos/cada.

Nº proxectos nacionais: 0,05 puntos/cada.

Nº proxectos autonómicos: 0,016 puntos/cada.

Financiados por organismos privados nacionais ou internacionais:

Nº proxectos como investigador principal: 0,05 puntos/cada.

3.2.3. Computaranse os méritos que correspondan ata un máximo de 4 decimais.

3.2.4. Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación da convocatoria no DOG e deberán acreditarse de conformidade co establecido no Anexo 3.

Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme o establecido no dito procedemento.

3.2.5. O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da FPGMX e publicara a puntuación resultante no portal web corporativo nos termos establecidos na base 1.5.

Contra a baremación, provisional as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de **dez (10) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, publicarase a baremación definitiva da fase de concurso.

3.2.6. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuacións na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Para asegurar a cobertura das vacantes, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas antes da súa contratación indefinida, elaborárase unha relación das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal laboral fixo.

.3.3. Normas comúns para as probas.

3.3.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comence pola letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro do 2022).

3.3.2. As persoas aspirantes deberán presentarse provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

3.3.3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola FPGMX como colaboradoras.

3.3.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

3.3.5. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Non obstante, as mulleres embarazadas que prevegan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

3.3.6. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo á Dirección da FPGMX para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, proporase a

súa exclusión do proceso selectivo, a Dirección fará pública a orde que corresponda.

.4. Tribunal.

4.1. O tribunal cualificador do proceso será nomeado por resolución do órgano convocante, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.2. As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada ao órgano convocante.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4.3. A autoridade convocante publicará a orde correspondente pola que se nomeen os novos integrantes do tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

4.4. Na sesión de constitución do tribunal adoptaranse todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

4.5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou de quen os substitúa.

4.6. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

4.7. Por cada sesión do tribunal levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a Secretaría e o visto e prace da persoa que ocupe a Presidencia.

4.8. A Presidencia do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da proba de galego sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e valoración da dita proba (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás que corresponden os resultados obtidos.

4.9. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á Dirección Executiva da FPGMX.

4.10. O tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes. Para tal fin estableceranse, para as persoas con discapacidades que o tiveran solicitado no Anexo 1, as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo, o tribunal tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala ao que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.

4.11. O tribunal non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

4.12. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4.13. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixíranse á Dirección da FPGMX.

.5. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal laboral fixo.

5.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no concurso, pola orde do seu epígrafe. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

En primeiro lugar o empate dirimirase pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición.

En segundo lugar, de persistir o empate este resolverase pola puntuación obtida na fase do concurso.

En terceiro lugar, de persistir o empate, en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria na entidade convocante.

En quinto lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito da entidade convocante.

En sexto lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados, na categoría profesional obxecto da convocatoria, na Administración.

En sétimo lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

5.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, publicará a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. Na mesma resolución proporase o seu nomeamento como persoal laboral fixo.

.6. Disposición derradeira.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a Dirección da FPGMX no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugna-la directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 26 de decembro de 2022

Asdo. Ángel Carracedo Álvarez

Director Executivo da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica - FPGMX

.ANEXO 1. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.

**PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.
SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**
DATOS PERSOAIS:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
ENDEREZO (Rúa, num, bloq, andar, porta)		LOCALIDADE	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO MÓBIL	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO:			

Marque o que corresponda:

FAMILIA NUMEROSA?	<input type="checkbox"/>	DE CARÁCTER ESPECIAL	<input type="checkbox"/>	DE CARÁCTER XERAL
DEMANDANTE DE EMPREGO?	<input type="checkbox"/>			
DISCAPACIDADE?	<input type="checkbox"/>	PORCENTAXE:%		
TIPO DE ADAPTACIÓN SOLICITADA:				

CATEGORÍA Á QUE OPTA (marque con X):

<input type="checkbox"/>	ADXUNTO/A DE LABORATORIO
<input type="checkbox"/>	TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE INVESTIGACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA (marque con X):

<input type="checkbox"/>	Copia do D.N.I
<input type="checkbox"/>	Acreditación familia numerosa.
<input type="checkbox"/>	Acreditación discapacidade.
<input type="checkbox"/>	Acreditación demandante de emprego.
<input type="checkbox"/>	Xustificante pago de taxas.
<input type="checkbox"/>	Declaración xurada cumprimento requisitos base 1.2.6
<input type="checkbox"/>	Acreditación titulación académica esixida.
<input type="checkbox"/>	Modelo autoavaliación méritos (Anexo 4 ou Anexo 5).
<input type="checkbox"/>	OUTRA (Méritos), indicar:

Lugar e data:

Sinatura

Asdo.:

.ANEXO 2. PRAZAS E REQUISITOS DE ACCESO POR CATEGORÍA.

CATEGORÍA	Nº PRAZAS	TITULACIÓN ACADÉMICA
ADXUNTO/A DE LABORATORIO	1	Grao en Bioloxía, Farmacia, Medicina, Biotecnoloxía, Bioquímica ou equivalente.
TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE INVESTIGACIÓN	1	Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico (FP Superior, rama sanitaria) ou equivalente. Técnico Superior en Laboratorio Clínico e Biomédico (FP Superior, rama sanitaria) ou equivalente. Técnico Superior en Laboratorio de Análise e de Control de Calidade (FP Superior, rama química) ou equivalente. Ou titulacións superiores equivalentes.

.ANEXO 3. ACREDITACIÓN DE MÉRITOS.

Experiencia profesional:

A experiencia profesional no órgano convocante apreciarase de oficio.

A experiencia profesional noutras administracións públicas acreditarase mediante certificación emitida polas persoas titulares das unidades que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal do centro ou órgano, na cal deberá constar a seguinte información: denominación do posto, subgrupo e escala e especialidade ou grupo e categoría, tipo de vínculo (fixo, temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións, total de días de vinculación e réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).

As situacións de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, violencia de xénero, violencia sexual ou violencia terrorista acreditaranse mediante certificación da súa concesión expedida pola unidade competente na que deberán constar as datas de inicio e fin.

Cursos de formación:

Acreditaranse os cursos mediante orixinal ou copia electrónica auténtica do certificado de asistencia e superación do curso, en que deberán constar a denominación do curso, o organismo ou entidade que acreditou convocou e impartiu a actividade formativa, as datas de realización e o número de horas lectivas.

No suposto de cursos impartidos no marco do AFEDAP ou AFCAP deberá constar o logotipo do respectivo acordo.

Coñecemento da lingua galega:

Acreditarase mediante orixinal ou copia compulsada do título do nivel de Celga establecido na base 3.1.2.2. para a categoría ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Outros méritos:

Cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real Decreto 185/1985), do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou diploma de estudos avanzados (DEA): a acreditación efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da universidade en que conste ter sido superada polo/a aspirante a formación conducente á obtención do nivel de suficiencia investigadora no seu caso, datas de realización e o número de horas ou créditos ECTS asignados á dita actividade formativa.

Titulación do doutorado: Orixinal ou copia compulsada do título de doutor/a ou certificación da Universidade, ou no seu defecto, xustificante de ter aboado os dereitos para a expedición do mesmo; neste último caso, ademais certificación oficial da cualificación obtida.

Premio extraordinario de doutoramento: Certificado ou Diploma da concesión emitido polo órgano correspondente da Universidade que teña dita función.

A acreditación da formación máster efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da universidade en que conste ter sido superada polo/a aspirante a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización e o número de horas ou créditos ECTS asignados á dita actividade formativa.

Outros graos/carreira: a acreditación efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da universidade.

Acreditación de AEGH ou especialidade obtiva vía FIR, BIR, MIR ou EIR.: a acreditación efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da AEGH no seu caso.

Dirección de Proxectos Fin de Carreira, Traballo Fin de Grao e Traballo Fin de Máster: Certificación expedida por la Universidade, na que conste o título dos traballos ou proxectos dirixidos e o curso académico no que se dirixiu cada un deles.

Tesis Doctorais dirixidas: Certificación expedida pola Universidade. Debe indicarse título e acreditarse a calificación obtida en cada tesis doctoral dirixida.

A docencia en titulacions oficiais universitarias acreditarase mediante certificación da respectiva universidade na cal deberá constar o contido da actividade formativa, así como o número de horas de docencia impartidas, e/ou o cargo docente, tipo de vinculación, departamento ou área de coñecemento en que se impartiu a docencia e datas de inicio e fin da vinculación.

Cursos de Formación continuada impartidos: acreditarase mediante certificación do respectivo organismo convocante na cal deberá constar o contido da actividade formativa, así como o número de horas de docencia impartidas, localidade e datas de inicio e fin do curso.

Autoría de traballos científicos e de investigación: Artigos científicos (indexados no Journal Citation Report): Relación de publicacións con cita completa (título do traballo, autores/as, revista, número, ano de publicación e número de páxinas; as publicacións deben incluír obrigatoriamente o PMID ou DOI).

Publicacións orixinais de libros ou capítulos de libros con código ISBN ou ISSN (excluídas Tesis Doctorais):

Libro completo: Copia compulsada de Portada e páxina/s de identificación do ISBN, editorial, ano de publicación, autores/as e índice completo do libro.

Capítulos de libro: Copia compulsada de Portada, páxina/s de identificación do ISBN, editorial, ano de publicación, índice completo e primeira e última páxina do capítulo do libro.

No serán obxecto de valoración as autoedicións, coedicións e/ou auto-publicacións entendendo por tales aquelas publicacións financiadas ou promovidas por algún dos seus autores ou nas que este figure como editor ou distribuidor e en xeral aquelas edicións que

non reúnan semellantes criterios formais na aceptación e revisión de orixinais que os esixidos polas normas internacionais comunmente aceptadas para as revistas e publicacións de carácter científico.

Premios de investigación: acreditarase mediante certificación do respectivo organismo convocante. Non terán a consideración de premios a proxectos de investigación aqueles outorgados nos congresos científicos ás comunicacións orais nin en póster.

Proxectos de investigación: A participación como investigador/a principal no proxecto de investigación acreditarase mediante a publicación oficial da resolución de convocatoria, sempre que consten os datos necesarios para identificar o proxecto e o/a investigador/a, ou certificado de participación expedido polo organismo financiador, no que consten os datos identificativos e o proxecto no que participa. Alternativamente un certificado de participación expedido polo organismo receptor sempre que sexa unha Universidade ou centro da Administración pública.

A participación como investigador/a colaborador/a acreditarase mediante a presentación da resolución de convocatoria se nela consta tal participación. Deberá constar como parte do equipo investigador definido no documento de solicitude do proxecto ou en documento posterior que así o acredite no caso de que houbese cambios no equipo investigador ao longo da súa vixencia.

No caso de que o organismo convocante non expida certificados de participación deberá presentarse certificado asinado polo investigador principal no que conste a identidade do/dos colaborador/ é, notificación acreditativa de concesión do proxecto ao investigador principal expedida polo organismo e copia do proxecto orixinal enviado a convocatoria no que deberá constar a identidade dos investigadores colaboradores.

Se na certificación non consta expresamente o seu ámbito, deberá complementarse tal documentación coa achega das bases de convocatoria do premio. Noutro suposto, non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.

Documentos electrónicos e autenticación de documentos:

Os documentos electrónicos administrativos para ser considerados válidos deberán cumprir as esixencias do artigo 27 da lei 39/2015.

As copias en soporte papel de documentos electrónicos deberán conter un código de verificación, que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos de órgano emisor. Un documento electrónico en formato papel que careza dun sistema de verificación terá a consideración de copia simple.

As copias que se acheguen dos documentos acreditativos de méritos deberán estar autenticadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por un notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.

Todas as referencias contidas nestas bases á exigencia de copia electrónica auténtica dun documento se fan extensivas, nos mesmos termos, á copia electrónica auténtica.

O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.

Tradución de documentos:

Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto de calquera dos oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acompañarse da súa tradución para o castelán ou galego, que deberá efectuarse:

- a) Un tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.
- b) Calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.
- c) A representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.

.ANEXO 4. MODELO DE AUTOAVALIACIÓN DE MÉRITOS. Adxunto/a de Laboratorio.

SISTEMA CONCURSO - OPOSICIÓN		Baremo ADXUNTO/A DE LABORATORIO				
NOME ASPIRANTE:						
A) Méritos profesionales: Ata un máximo de 30 puntos.						
a.1) Experiencia profesional acreditada na entidade convocante, na categoría profesional da convocatoria ou en categoría profesional equivalente, 0,25 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.	Nº MESES	PUNTOS	MÁXIMO SUBAPARTADO	SUBTOTAL (a+b)	MÁXIMO APARTADO	TOTAL APARTADO
	X	0,25 =	30		30	
a.2) Experiencia profesional acreditada en calquera outra administración pública diferente da convocante na categoría profesional ou en categoría profesional equivalente nos termos establecidos na convocatoria, 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.	X	0,125 =	30			
B) Outros méritos: Ata un máximo de 10 puntos						
b.1) Cursos de formación RELACIONADOS COAS FUNCIÓNS DO POSTO: Valoraranse os cursos de formación convocados, organizados ou impartidos por: Escola Galega de Administración Pública (EGAP); a Academia Galega de Seguridade Pública; a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); a Axa Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos no marco dos Acordos de formación para o emprego das administracións públicas incluíndo a Comisión de formación continuada do sistema nacional de saúde; cursos impartidos polo INEM, cursos impartidos polas organizacións sindicais sempre que estiveren homologados pola EGAP cursos dunha Consellería da Xunta de Galicia; cursos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou outros entes instrumentais convocantes do proceso selectivo, e cursos impartidos por Universidades. Valoraranse con 0,012 puntos cada hora de formación. A puntuación máxima deste apartado será 5 puntos. (416,6 horas de formación).	Nº HORAS	PUNTOS	MÁXIMO SUBAPARTADO	SUBTOTAL (a+b+c)	MÁXIMO APARTADO	TOTAL APARTADO
416,6667	X	0,012 =	5		10	
b.2) Outros méritos, ata un máximo de 3,75 puntos:						
b.2.1) Realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou pola realización do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia	(Si=9)	X	0,5 =			
b.2.2) Título de doutor/a: 1 punto.	(Si=9)	X	1 =			
b.2.3) Premio extraordinario de doutoramento: 0,2 puntos.	(Si=9)	X	0,2 =			
b.2.4) Por cada master universitario oficial (espazo europeo de Educación Superior: ECTS) ou curso de posgrao	Nº Masters	X	0,4 =			
	Nº Graos	X				
b.2.5) Outros graos/carreira: 0,5 puntos/cada.	X	0,5 =				
b.2.6) Pola acreditación de AEGH ou especialidade obtida vía FIR, BIR, MIR ou EIR: 1 punto.	(Si=1)	X	1 =			
b.2.7) Pola docencia en cursos relacionados co posto ao que opta: Nº TFG/TFM dirixidos: 0,03 punto/cada. Nº tesis dirixidas: 0,12 puntos/cada. Nº de horas de docencia universitaria (certificado no Plan de organización docente (POD)): 0,006 puntos/hora. Nº cursos formación continuada impartidos: 0,03 puntos/hora	Nº TFG/TFM	X	0,03 =			
	Nº Tesis	X	0,12 =			
	Nº horas	X	0,006 =			
	Nº horas	X	0,03 =			
b.2.8) Pola autoría de traballos científicos e de investigación relacionados co posto: Artigos científicos (indexados no Journal Citation Report): Nº Artigos científicos (Cuartil Q1-Q2): 0,06 puntos/cada. Nº Artigos científicos (Cuartil Q3-Q4): 0,03 puntos/cada. Publicacións orixinais de libros ou capítulos de libros con código ISBN ou ISSN (Excluídas Tesis Doctorais): Nº capítulos de libro: 0,016 puntos/cada. Nº libros completos: 0,05 puntos/cada.		X	0,06 =			
		X	0,03 =			
		X	0,016 =			
		X	0,05 =			
b.2.9) Pola concesión de premios de investigación relacionada co posto: Nº premios de ámbito internacional: 0,03 puntos/cada. Nº premios de ámbito nacional: 0,016 puntos/cada.		X	0,03 =			
		X	0,016 =			
b.2.10) Por proxectos de investigación relacionada co posto: Con financiación competitiva mediante convocatorias públicas das Administracións Públicas, CCAA, Naciónais e da UE: a) Como investigador principal: Nº proxectos internacionais: 0,3 puntos/cada. Nº proxectos nacionais: 0,16 puntos/cada. Nº proxectos autonómicos: 0,05 puntos/cada. b) Como investigador colaborador: Nº proxectos internacionais: 0,16 puntos/cada. Nº proxectos nacionais: 0,05 puntos/cada. Nº proxectos autonómicos: 0,016 puntos/cada. Financiados por organismos privados nacionais ou internacionais: Nº proxectos como investigador principal: 0,05 puntos/cada.		X	0,3 =			
		X	0,16 =			
		X	0,05 =			
		X	0,16 =			
		X	0,05 =			
		X	0,016 =			
		X	0,05 =			
Puntuación TOTAL						40

.ANEXO 5. MODELO DE AUTOAVALIACIÓN DE MÉRITOS. Técnico/a Especialista de Investigación.

SISTEMA CONCURSO - OPOSICIÓN **Baremo Técnico/a Especialista de Investigación**

NOME ASPIRANTE:

A) Méritos profesionais: Ata un máximo de **30 puntos**.

	Nº MESES		PUNTOS	MÁXIMO SUBAPARTADO	SUBTOTAL (a+b)	MÁXIMO APARTADO	TOTAL APARTADO
a.1) Experiencia profesional acreditada na entidade convocante, na categoría profesional da convocatoria ou en categoría profesional equivalente, 0,25 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.	<input type="text"/>	X	0,25 =	<input type="text"/>	30	<input type="text"/>	30
a.2) Experiencia profesional acreditada en calquera outra administración pública diferente da convocante na categoría profesional ou en categoría profesional equivalente nos termos establecidos na convocatoria, 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.	<input type="text"/>	X	0,125 =	<input type="text"/>	30	<input type="text"/>	

B) Outros méritos: Ata un máximo de **10 puntos**

	Nº HORAS		PUNTOS	MÁXIMO SUBAPARTADO	SUBTOTAL (a+b+c)	MÁXIMO APARTADO	TOTAL APARTADO
b.1) Cursos de formación RELACIONADOS COAS FUNCIONES DO POSTO: Valoraranse os cursos de formación convocados, organizados ou impartidos por: Escola Galega de Administración Pública (EGAP); a Academia Galega de Seguridade Pública; a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos no marco dos Acordos de formación para o emprego das administracións públicas incluíndo a Comisión de formación continuada do sistema nacional de saúde; cursos impartidos polo INEM, cursos impartidos polas organizacións sindicais sempre que estiveran homologados pola EGAP cursos dunha Consellería da Xunta de Galicia; cursos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou outros entes instrumentais convocantes do proceso selectivo, e cursos impartidos por Universidades. Valorarase con 0,012 puntos cada hora de formación. A puntuación máxima deste apartado será 10 puntos . (833,3 horas de formación)	<input type="text"/>	X	0,012 =	<input type="text"/>	10	<input type="text"/>	10

PUNTUACIÓN TOTAL

40

.ANEXO 6. TEMARIO. Adxunto/a de Laboratorio.

1. Conceptos básicos:

- Ácidos nucleicos: Estrutura, composición, función e regulación xénica.
- Estrutura da cromatina: Composición e empaquetamento, clases, Cromatina X, DNA satélite e heteromorfismo cromosómico.
- Dano, reparación e mutación: Clases e consecuencias do dano, reparación, e mutación.
- Ciclo celular e división celular: mitosis e meiosis.
- Diversidade xenética humana: A natureza da variación xenética. Orixe e frecuencia dos diferentes tipos de mutacións.
- Tipos de mutacións e as súas consecuencias.

2. Citoxenética clásica:

- Conceptos básicos sobre a estrutura, clasificación dos cromosomas e variantes normais.
- Seguridade no laboratorio para probas citoxenéticas. Condicións para cultivo celular en citoxenética. Aseguramento da calidade no laboratorio. Cultivo celular para a obtención de cariotipo.
- Análise e interpretación dos estendidos metafásicos: Determinación do cariotipo: Criterios de análises. Nivel de resolución. Nomenclatura citoxenética.
- Coloracións cromosómicas e aplicacións.

3. Citoxenética tumoral:

- Aplicacións en citoxenética tumoral. Indicacións. Criterios de urxencia.
- Xenética das leucemias agudas.
- Importancia da citoxenética no diagnóstico de tumores hematolóxicos e tumores sólidos.
- Aplicación da xenómica á individualización do tratamento do cancro.
- Alteracións cromosómicas e nomenclatura ISCN.

4. A citoxenética no diagnóstico de enfermidade xenética constitucional:

- Aplicacións en citoxenética constitucional.
- FISH, MLPA, CGH-SnpArrays.
- Uso adecuado da Nomenclatura en citoxenética molecular.
- Uso da citoxenética molecular no diagnóstico clínico.

5. Técnicas de diagnóstico xenético e xenómico:

- Técnicas de diagnóstico molecular.
- Técnicas e estratexias de diagnóstico xenómico.
- Aplicacións da secuenciación na práctica clínica.
- Fundamentos de secuenciación masiva (NGS).
- Análise bioinformático en secuenciación masiva.

6. Xenética das enfermidades humanas:

- Xenética do cancro hereditario e do cancro somático.
- Xenética das enfermidades raras.
- Enfermidades xenéticas en neonatoloxía e pediatría.

7. Avaliación do risco e asesoramento xenético:

- Antecedentes familiares na avaliación do risco.
- Asesoramento xenético na práctica clínica.
- Determinación dos riscos de recorrencia.
- Riscos de recorrencia empíricos.
- Diagnóstico molecular e baseado no xenoma.

8. Aspectos éticos e legais do diagnóstico xenético:

- Aspectos legais da investigación biomédica.
- Ética e normas ISO no traballo do laboratorio.
- A ética no diagnóstico citoxenético.
- Procesos e normas ISO para a Certificación e Acreditación dos laboratorios.

.ANEXO 7. TEMARIO. Técnico/a Especialista de Investigación.

1. Introducción aos procesos que se realizan nos laboratorios de citoxenética e bioloxía molecular:

- Organización do laboratorio de citoxenética e molecular.
- Manipulación de mostras en condicións de esterilidade. Técnica aséptica.
- Seguridade nos laboratorios de citoxenética e bioloxía molecular.

2. Realización de cultivos celulares:

- Cultivo Celular en citoxenética.
- Tipos de cultivos celulares: líquido amniótico, vellosidade corial e sangue periférico.
- Recolección de mostras para a obtención de cultivos celulares.
- Técnicas de obtención, mantemento e propagación de cultivos.
- Técnicas de sementado e cultivo celular no laboratorio de citoxenética.
- Técnica de cultivo celular de sangue periférico.
- Técnicas de sacrificio: adición de inhibidor de mitosis.
- Técnicas de recollida de células e procesado.
- Realización de subcultivos celulares.

3. Aplicación de técnicas de análises cromosómico:

- Conceptos básicos.
- Técnicas de obtención de extensións cromosómicas.
- Métodos de tinción e de bandeado cromosómico.
- Nomenclatura citoxenética.
- Alteracións cromosómicas.
- Diagnóstico prenatal. Técnica e aplicacións.
- Citoxenética e Cancro.

4. Aplicación de técnicas de extracción de ácidos nucleicos:

- Características estruturais e funcionais dos ácidos nucleicos.
- Propiedades físicas relacionadas coas técnicas de bioloxía molecular.
- Polimerasas, Endonucleasas de restrición e outras encimas asociadas aos ácidos nucleicos.
- Técnicas de extracción de ADN en sangue periférico, biopsias e tecidos.
- Técnicas manuais: Técnica de extracción salina ou «salting-out», Técnica do fenol-cloroformo-alcol-isoamílico, Kits comerciais, Técnicas automatizadas.
- Técnicas de extracción de ARN

5. Aplicación de técnicas de PCR e electroforesis ao estudo dos ácidos nucleicos:

- Fundamento da PCR.
- Compoñentes para a realización da PCR.
- Etapas da PCR.
- Problemas que se poden presentar na PCR.
- Variantes da PCR.
- Técnicas de electroforesis en xel. Electroforesis en xel de agarosa.
- Técnicas de visualización de fragmentos e interpretación de resultados.
- Aplicacións diagnósticas.

6. Aplicación de técnicas de hibridación con sonda:

- Conceptos básicos.
- Tipos de sonda e tipos de marcaxe.
- Técnicas de hibridación en cromosomas e tecidos. Procedemento de hibridación.
- Técnicas de transferencia e hibridación de ácidos nucleicos en soporte sólido. Microarray de ADN.

7. Métodos de secuenciación do ADN:

- Métodos de secuenciación de DNA: Método de Sanger. Secuenciación de última xeración.
- Aplicacións das técnicas de bioloxía molecular no diagnóstico clínico.

CORRECCIÓN DE ERROS.

BASES DA CONVOCATORIA

Advertido erro no texto nas bases da convocatoria, no ANEXO 3. ACREDITACIÓN DE MÉRITOS. procede efectuar a seguinte corrección:

Onde di:

“Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto de calquera dos oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acompañarse da súa tradución para o castelán ou galego, que deberá efectuarse:

- a) Un tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.
- b) Calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.
- c) A representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.”,

Debe dicir:

“Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto de calquera dos oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, inglés ou portugués, deberán acompañarse da súa tradución para o castelán ou galego, que deberá efectuarse:

- a) Un tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.
- b) Calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.
- c) A representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.”,

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Ángel Carracedo

Director Executivo